

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA E XUNTA PAS

OEP 2018 - ACTA Nº 1

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marisa Magaz Ledo (CCOO, Presidenta)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Carlos Román Lago (CIG)-Escusa ausencia

Roberto Otero Ledo (CIG)

Xosé Luciano Otero Camiña (CIG)

Manuel Marcos García (CCOO)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)-Escusa ausencia

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)-Escusa ausencia

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)-Escusa ausencia

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)-Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

XUNTA PAS

Xoan Cebro Rodríguez (CIG-Presidente)

María José Ríos Santomé (CIG- Secretaria)

María Moreira Sendón (UGT)-Escusa ausencia

José Manuel Sñoira Abeijón (UGT)

Estefanía Varela Méndez (UGT)

Tita Aboal Somoza (UGT)

Patricia Outeiral Rial (UGT)

Mónica Méndez López (UGT)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e Xunta de Persoal, mantiveron unha reunión ás 11:00h, do 16 de novembro de 2018 na Sala II do Edificio Miralles, coa seguinte



ORDE DO DÍA

1. Oferta de Pública de Emprego 2018.

A Xerenta comeza a súa intervención pedindo desculpas pola prema da convocatoria, así e todo falouse previamente cos presidentes e non tiveron inconveniente de que así fora. A convocatoria requiría certa présa xa que unha vez negociada, hai que enviala á Xunta para a súa aprobación e publicación no DOG antes de fin de ano. Comprométese que non vai ser a tónica xeral senón que se convocará con antelación suficiente.

O presidente do CEO di que sendo coñecedor das limitacións temporais aceptou que así fora.


A Xerenta continúa dicindo que nesta primeira reunión escoitaranse as propostas que se expoñan e tentarase chegar a un acordo na última semana de novembro. Explica que a proposta de Xerencia foi enviada por e-mail xunto coa convocatoria. A Lei de Orzamentos do Estado permite que a taxa de reposición sexa do 100%, e non se computan as prazas de promoción interna nin as de estabilización. No 2017 houbo 7 baixas, 5 de persoal laboral e 2 de persoal funcionario, polo que se poden convocar 7 prazas na taxa de reposición do 100%. A praza de Técnico Superior de Calidade Ambiental e as dúas de Técnico Especialista en Transporte e Distribución, son de estabilización e non computan nas 7, aínda que habería de xustificalo. Outro punto ter en conta é a reserva de prazas a persoas con discapacidade prevista na Lei. Por outra banda, indicar que só se trata de prazas de Persoal Laboral, xa que para o Persoal Funcionario non se prevé ofertar prazas porque hai promocións internas en marcha. No que se refire ás prazas de TETIC como está pendente a execución do concurso, ofertalas nesta OPE non é o máis apropiado ata a resolución da sentenza. Por último comenta a posibilidade de que, para efectos organizativos e ser máis efectivos, asistiran ás reunións só os presidentes e unha ou dúas persoas en representación dos sindicatos que forman o órgano.

O presidente da Xunta de Persoal di que, para ser máis operativos, por parte da Xunta PAS asistirían el mesmo como presidente, María José Rios como secretaria e a persoa que designe o sindicato UGT.

A presidenta do CEPO di que se reunirá o comité para acordar quen asistirá, entendendo que efectivamente é a mellor opción. No que se refire á proposta de xerencia sobre a OEP, chámalle a atención que non haxa máis prazas de promoción interna, cre que debería ser unha proposta máis ambiciosa. No que se refire ao acceso libre, destaca que non está na lista o TS de Microscopía Electrónica e que a praza de TM de Actividades Aeroespaciais pola súa recente creación, ao seu xuízo podería cambiarse por outra categoría.

A Xerenta responde que en relación á praza de Microscopía Electrónica hai varias categorías que se eliminaron, refundiron ou substituíron coa nova RPT, polo que require un estudio de se é conveniente incluílas ou non.

A presidenta do CEPO di que sendo así, entón habería que convocar unha lista de agarda.



A Xerenta responde que quizás si que sexa oportuno.

O presidente do CEO pregunta pola data de xubilación dunha persoa do Grupo II dos servizos informáticos, concretamente Francisco Rodríguez.

O Xefe do Servizo de PAS responde que a xubilación é do 24 de maio de 2015.

O presidente do CEO afirma que, por razóns do marco temporal no que se está realizando esta negociación, resulta difícil ter un debate detallado do conxunto da RPT. Sen embargo, considera necesario poder diferenciar claramente as prazas que non terían cabida no apartado de estabilización, e por elo expón unha dúbida en relación á consideración das prazas ocupadas por interinos pero que en orixe serían o destino definitivo de persoal fixo, unha vez que ese persoal teña participado nun concurso de traslados e as prazas de orixe se convirtan en vacantes.

A Xerenta responde que a substitución non é posible, que ten que ser unha vacante pura.

O presidente do CEO no que se refire á reserva de prazas para persoal con discapacidade pregunta onde se colocaría xa que nas anteriores OEP non ser fixo reserva.

A Xerenta responde que é obrigatorio facelo e que se entende que a reserva é para o conxunto da OEP.

O presidente do CEO, entrando a analizar de forma somera a proposta e outras posibilidades que se poderían incluír, comenta que está de acordo en incluír en promoción interna as prazas do ATIC nas tres categorías, dado que considera que a non resolución do concurso de responsables, non impide realizar a dita oferta. Na RPT hai polo menos unha área completa ocupada por persoal non fixo, nomeadamente a Unidade de Calidade, na que ademais hai persoal contratado por riba da RPT; polo que estima que esta área debe saír completa á OEP. Por último sinala que no conxunto da RPT existen un número importante de vacantes que, conxugando as expectativas do persoal fixo e contratado, terían encaixe na taxa de reposición, no apartado de estabilización e na promoción interna.

A Xerenta indica que a vindeira semana se enviará unha proposta onde se estudiará incluír algunha das prazas de calidade, informática etc. Require un estudio polo miúdo e apela á prudencia.

Mónica Méndez pregunta se o vindeiro ano se abordaría o OEP de funcionarios.


A Xerenta responde que en principio só habería 7 ou 8 prazas de estabilización. As demais serían sobre taxa de reposición.

Federico Fernández destaca que na páxina web non está pendurado o documento aprobado en relación á OEP de 2017, 2016...


A Xerenta reitera que a vindeira semana se enviará a nova proposta de xerencia para tentar de volver reunirse o venres 23 de novembro.

O presidente da Xunta de Persoal solicita que non se lles convoque ou se desculpe a súa ausencia para estas reunións da OEP dado que non se tratan temas relacionados co persoal funcionario.

A Xerenta está de acordo.



E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 12:00h

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Luis', written in a cursive style.